

Orde do 13 de maio de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de tractores da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2005.

O censo do parque de tractores da Comunidade Autónoma de Galicia supera actualmente as 138.000 unidades, o 14% do total do Estado, significando unha das comunidades autónomas co índice de mecanización por superficie cultivada dos máis altos de todo o territorio español.

Non obstante a maior parte deles atópanse considerablemente avellentados, o que se traduce na existencia de tractores sen as axeitadas condicións para o traballo agrícola, como son o deficiente aproveitamento enerxético dos motores, as elevadas emisións de gases, os sistemas de freado e sinalización en mal estado e, sobre todo, a carencia ou as inadecuadas estruturas de protección en caso de volcado do vehículo.

Neste senso, o protocolo de Kyoto e a vixente regulamentación comunitaria obriga a que as actividades económicas deban promoverse no marco dun desenvolvemento harmonioso, equilibrado e sustentable co fin de protexer o ambiente, a saúde e o benestar dos traballadores.

Nesta liña, o Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de tractores, establecendo que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirá ás comunidades autónomas as cantidades que correspondan para atender o pagamento das subvencións concedidas de acordo coa devandita normativa e esta orde.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente

DISPOÑO:

Sección primeira

Bases reguladoras de concesión de axudas para a renovación do parque de tractores da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para conceder axudas para a renovación do parque de tractores agrícolas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2005.

2. O auxilio público destas axudas terá como finalidades :

a) Garantir unha mellora nas condicións de traballo dos agricultores e gandeiros no manexo da maquinaria agrícola.

b) Incrementar o equipamento destes vehículos para maior seguridade nos seus desprazamentos polas vías públicas.

c) Potenciar a utilización de tractores dotados con motores de novo deseño e de mellor aproveitamento enerxético do combustible.

d) Reducir a contaminación por emisión de gases e o seu nivel de son.

e) Asegurar a introdución na agricultura de tractores con alta tecnoloxía, fiables e apropiados para satisfacer os requirimentos demandados pola agricultura moderna.

f) Promover a utilización en común dos tractores para economizar os recursos dos sectores agrícola e gandeiro.

Artigo 2º.-Clase de axuda.

1. A axuda consistirá nunha subvención ao achatarramento de tractores antigos, sempre que vaia acompañado da adquisición dun novo tractor. Ambos os dous tractores deberán ter os requisitos que se especifican no artigo 7º.

2. O procedemento de concesión das subvencións reguladas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, aplicando unha subvención base que poderá ser incrementada atendendo ás condicións do beneficiario e da súa explotación reflectidas no artigo 3º.

Artigo 3º.-Contía da axuda.

1. A contía base da axuda establécese en 30 euros por cabalo de vapor (CV) da potencia homologada do tractor achatarrado.

2. A contía base da axuda incrementarase, atendendo ás condicións do beneficiario e de súa explotación, nas contías seguintes:

a) Por ser titular dunha explotación agraria prioritaria, definida no artigo 3 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, en 20 euros por CV, que se xustificará coa súa inclusión no Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias da Comunidade Autónoma de Galicia segundo a Orde do 16 de xuño de 1998.

b) Por ser agricultor/a mozo/a, conforme o Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, que substitúa o tractor simultaneamente coa súa primeira instalación ou nos cinco anos seguintes a esta, en 25 euros por CV. Para os efectos, consideraranse agricultores/as mozos/as, aqueles menores de 40 anos no momento da súa primeira instalación.

c) Por estar a explotación en zona cualificada como desfavorecida, de acordo co capítulo V do título II do Regulamento (CE) nº 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre axuda ao desenvolvemento rural a cargo do FEOGA, en 10 euros por CV.

3. No caso de que o beneficiario sexa unha cooperativa agraria o unha cooperativa de explotación comunitaria da terra, a contía total da axuda será de 120 euros por CV do tractor achatarrado.

4. O solicitante poderá achatarrar máis dun tractor antigo e adquirir un só tractor novo, sempre que a contía total das axudas que poida percibir o beneficiario non sobrepase os límites máximos especificados no artigo seguinte.

Artigo 4º.-Compatibilidade con outras axudas e contía máxima.

1. Estas axudas son compatibles con calquera outras sempre que no seu conxunto non superen os límites establecidos neste artigo. Para estes efectos os solicitantes incorporarán ao expediente unha declaración das axudas solicitadas para esta mesma finalidade.

2. A contía máxima do conxunto das axudas a que se refire o punto 1 deste artigo, expresada en porcentaxe do importe do investimento subvencionable, considerando o custo total de adquisición do novo tractor, de acordo co prezo neto de factura, sen incluír IVE e descontado o importe percibido pola chatarra do tractor antigo, é:

a) En zonas desfavorecidas, o 50 por cento.

b) Nas demais zonas, o 40 por cento.

No caso de agricultores/as mozos/as, a que se refire o artigo 3.2º b), as porcentaxes anteriores incrementaranse de acordo co sinalado no artigo 7.4º do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, ata un 10%.

3. O límite do investimento subvencionable é o establecido no artigo 7.2º do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

Artigo 5º.-Requisitos e compromisos dos beneficiarios.

1. Os requisitos que deberán cumprir os beneficiarios e a documentación que hai que presentar para acceder a estas axudas son:

a) Ser titular de explotación agraria ou tratarse dunha cooperativa agraria ou cooperativa de explotación comunitaria da terra inscrita no Rexistro de Sociedades Cooperativas da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Neste último caso, presentárase certificado da súa inscrición rexistral.

b) Acreditar a viabilidade económica da explotación. Neste eido, considerarase que unha explotación é viable economicamente cando a súa renda unitaria de traballo non sexa inferior ao 20% da renda de referencia. Así mesmo, tamén terán esta consideración as explotacións clasificadas como prioritarias situadas en zona de montaña tal e como se indica no artigo 4 da Orde do 16 de xuño de 1998, pola que se crea o Rexistro de Explotacións Prioritarias da Comunidade Autónoma de Galicia. Para efectuar estes cálculos utilizaranse as marxes netas moduladas que se utilizan nas axudas para a mellora e modernización das explotacións agrarias. No caso de orientacións produtivas non incluídas nesa relación, o solicitante presentará unha memoria xustificativa. Aqueles solicitantes beneficiarios dunha axuda ou en posesión dunha resolución aprobatoria para un plan de mellora ou unha primeira instalación ao abeiro dos reais decretos 204/1996 ou 613/2001, así como as explotacións clasificadas como prioritarias, xa acreditan este requisito.

c) Acreditación do cumprimento das normas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais e da capacidade e competencia profesionais,

segundo o establecido na orde desta consellería do 7 de xuño de 2002, modificada por última vez pola Orde do 16 de decembro de 2004, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias en Galicia. Aqueles solicitantes beneficiarios dunha axuda ou en posesión dunha resolución aprobatoria para un plan de mellora ou unha primeira instalación ao abeiro dos reais decretos 204/1996 ou 613/2001, xa acreditan este requisito.

d) Cando se trate de persoas xurídicas, acreditar ademais, que a súa actividade principal é a agraria coa presentación dos estatutos e documento de constitución.

e) Ser titular do novo tractor e do tractor ou tractores achatacados, xustificando coas correspondentes inscricións no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola da provincia de que se trate (ROMA).

f) Xustificación de estar ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non teñen ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da comunidade autónoma.

2. Os compromisos que deberán asumir os beneficiarios son:

a) Non utilizar o tractor para incrementar producións sen saídas normais ao mercado, conforme as limitacións sectoriais establecidas no anexo I do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

b) Non allear o novo tractor, durante un prazo de cinco anos. En caso de incumprimento, o beneficiario deberá reintegrar ao Tesouro Público o importe da axuda obtida e os xuros de demora correspondentes, agás nos casos de forza maior, determinados no artigo 25 del Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

Artigo 6º.-Utilización en común.

Poderán beneficiarse da axuda as cooperativas agrarias e as cooperativas de explotación comunitaria da terra, inscritas no Rexistro de Sociedades Cooperativas da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, que adquiran un novo tractor para a súa utilización en común, con achatacamento de un ou máis tractores dos cales os titulares sexan a propia cooperativa ou ben socios desta, como excepción ao requisito previsto no artigo 5.1º e).

Artigo 7º.-Requisitos do tractor achatacado e o novo.

1. O tractor antigo que se achatarra deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter máis de 20 anos de antigüidade, o que se xustificará pola data da súa primeira inscrición como alta no ROMA da provincia correspondente e a data da solicitude de baixa definitiva por desguace.

b) Estar inscrito no ROMA durante os tres últimos anos baixo a titularidade do solicitante da axuda, agás no caso de transmisión da explotación, falecemento, xubilación ou cesamento da actividade do seu anterior titular.

c) Estar ao corrente da inspección técnica de vehículos ou, se é o caso, xustificar que o tractor é utilizable para determinados labores agrícolas, mediante

a correspondente certificación do Servizo Provincial de Explotacións Agrarias.

d) Ser entregado nun centro autorizado de tratamento ou nunha instalación de recepción, regulados no Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil e, na Orde INT/249/2004, do 5 de febreiro, pola que se regula a baixa definitiva dos vehículos descontaminados ao final da súa vida útil, para a súa destrución.

e) Causar baixa definitiva no ROMA, cunha anotación en que se faga constar que foi achatarrado. Así mesmo, deberá causar baixa definitiva no Rexistro de Vehículos, se estivese inscrito nel.

2. O novo tractor deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser de primeira adquisición.

b) Quedar inscrito como tal no ROMA do servizo provincial correspondente.

Artigo 8º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes para obter a axuda presentaranse en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, preferentemente, nas delegacións provinciais ou nas oficinas agrarias comarcais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, antes do 30 de abril de cada ano, utilizando os impresos normalizados incluídos como anexo I e II, que estarán a disposición dos interesados nos mencionados lugares.

2. Coa solicitude de axuda achegarase a documentación complementaria establecida nesta orde para cada tipo de solicitante e, ademais, unha copia do DNI/CIF do titular, a certificación bancaria da conta onde se efectuaría o pagamento e a factura proforma do novo tractor que se adquira, en que deberá figurar a marca, modelo e prezo neto sen IVE.

Artigo 9º.-Criterios de concesión das axudas e resolución das solicitudes.

1. No caso de que as peticións de axuda presentadas excedan o crédito dispoñible, ordenaranse as solicitudes atendendo ao seguinte baremo:

a) Por ser cooperativa: catro puntos.

b) Por ser agricultor mozo: tres puntos.

c) Por ser titular de explotación prioritaria: dous puntos.

d) Por atoparse a explotación en zona desfavorecida: dous puntos.

En caso de igualdade entre solicitudes, daráselle prioridade a aquela en que o solicitante substitúa o tractor de maior antigüidade.

2. A resolución do expediente correspóndelle ao conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, por proposta dun órgano colexiado que avaliará as solicitudes presentadas e que estará presidido polo subdirector xeral de Explotacións Agrarias e integrada por dous funcionarios desa subdirección xeral

con categoría non inferior a xefe de negociado, un dos cales actuará como secretario, e por outro funcionario con categoría non inferior a xefe de negociado do Servizo de Fomento Asociativo da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución, esta poderase entender desestimada.

4. No caso de que as peticións presentadas excedan o crédito dispoñible, a selección das solicitudes ordenarase atendendo ao establecido no artigo 9.3º do Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro. As solicitudes denegadas por falta de orzamento poderanse considerar no período de solicitude seguinte, en iguais condicións que o resto de solicitudes, por pedimento dos seus titulares.

5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Recursos administrativos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa; ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-Xustificación e pagamento.

1. Na resolución de concesión da axuda establecerase a data límite para a finalización das actuacións previstas conducentes á compra do novo tractor, que non excederá o prazo dun ano. Así mesmo, comunicarse por escrito este extremo con anterioridade, preferentemente ás delegacións provinciais ou ás oficinas agrarias comarcais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, achegando, unha vez dado de alta no ROMA o novo tractor,

conforme o punto quinto da Orde do 28 de maio de 1987, a documentación pertinente que se relaciona:

a) A baixa do tractor achatarado no ROMA provincial onde estea inscrito, conforme o establecido no punto sexto da Orde do 28 de maio de 1987, sobre inscrición de máquinas agrícolas nos rexistros oficiais.

b) Documentación que acredite o cumprimento íntegro do artigo 7º.1 sobre as condicións de inscrición no ROMA do tractor que se achatarra, as obrigas de ser entregado nun centro autorizado e de xustificar que é utilizable para determinadas labores agrícolas.

c) Notificación de concesión da axuda.

d) Factura pagada de compra, na que deben aparecer detallados os seguintes conceptos:

1º O prezo da tarifa do tractor adquirido, co seu equipamento.

2º Os descontos aplicados pola empresa vendedora, especificando os distintos conceptos e, en especial, o que aplique polo achatarramento do tractor antigo.

3º O prezo neto, sen IVE.

e) Xustificación de estar ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non teñen ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma.

2. O pagamento realizarase, salvo incumprimento do establecido nesta orde, mediante transferencia á conta bancaria do titular debidamente documentada segundo o artigo 8º.2.

Artigo 12º.-Reintegro da axuda.

Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda máis os xuros de demora devengados desde o pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 13º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lle poidan exixir os órganos competentes da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, os beneficiarios das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano de inspección ou control da Unión Europea.

Sección segunda Convocatoria para o ano 2005

Artigo 14º.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes de axuda para a convocatoria de 2005 poderán presentarse desde o día seguinte á publi-

cación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 13 de xuño de 2005.

Artigo 15º.-Financiamento.

Para a concesión das axudas reguladas na sección primeira desta orde, existe crédito adecuado e suficiente con cargo ao proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, na aplicación 09.03.614A.770.3 por un importe total de 830.000,00 euros, que poderá incrementarse con outros remanentes orzamentarios e sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

Disposicións adicionais

Primeira.-O solicitante poderá acudir individualmente á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e á Consellería de Economía e Facenda para solicitar a expedición dos certificados acreditativos de atoparse ao día das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a autorización que figura no anexo III desta orde, para os efectos de que a Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria ou os servizos provinciais de Explotacións Agrarias, poidan solicitala por vía informática.

Non obstante quedan exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as axudas especificadas no artigo 41.1º g) da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segunda.-No non previsto nesta orde haberá que aterse ao disposto preferentemente no Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de tractores, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria para ditar as instrucións que considere oportunas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

ANEXO I - MODELO XERAL DE SOLICITUDE DE AXUDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL



MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA E
ALIMENTACIÓN



Nº EXPEDIENTE

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

DATA DE SOLICITUDE

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

PROCEDEMENTO

**AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE TRACTORES DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

AG462A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

SITUACIÓN DA EXPLOTACIÓN

PROVINCIA	COMARCA	CONCELLO	PARROQUIA
CEA	OAC	CÓDIGO INE	

TITULAR DA EXPLOTACIÓN

TIPO ☐ (VER CLAVE 1)	CLASE (VER CLAVE 2)	DATA DE NACEMENTO OU CONSTITUCIÓN	Nº SOCIOS	AP
			%	
Nº SOCIOS RESPONSABLES DA XESTIÓN	% AP	NIF OU CIF	Nº S. SOCIAL	TIPO SS
APELIDOS E/OU NOME E/OU ENTIDADE				
ENDEREZO				CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELEFONO	TIPO CAPACITACIÓN PROFESIONAL (VER CLAVE 4)		
EXPLOTACIÓN PRIORITARIA	AGRICULTOR MOZO	ZONA DESFAVORECIDA/MONTAÑA	TEN APROBADA/SOLICITADA UNHA AXUDA DO RD 204/1996 OU RD 613/2001	
☐ S/N	☐ S/N	☐ S/N	☐ S/N N° EXPEDIENTE	

VIABILIDADE ECONÓMICA DA EXPLOTACIÓN

- Cota láctea (polo menos 80 Tm): _____ Tm

No suposto de vacún de carne:

- Explotación con dereitos de prima e prima por extensificación (con polo menos 10 UGM): _____ UGM

- Explotación que non percibiu prima por extensificación (con polo menos 15 UGM): _____ UGM

- Explotación que non dispón de dereitos de prima (con polo menos 20 UGM): _____ UGM

☐ Ter sido beneficiario de axuda ou en posesión dunha resolución aprobatoria para un plan de mellora ao abeiro dos reais decretos 204/1996 ou 613/2001.

☐ Outras situacións (artigo 5º.2 desta orde). Realización do estudo económico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 13 de mayo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de tractores da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____ de _____ de 200

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

DATOS TRACTOR PARA ACHATARRAR E TRACTOR NOVO

TRACTOR PARA ACHATARRAR (SE SE ACHATARRA MÁIS DUN TRACTOR, CUBRIRASE UN IMPRESO PARA CADA UN DELES)		
TITULAR DO TRACTOR (*)		CIF OU NIF DO TITULAR
MARCA E MODELO	MATRÍCULA	Nº REXISTRO
DATA DA PRIMEIRA INSCRICIÓN NO REXISTRO OFICIAL DE MAQUINARIA ____/____/____ (DÍA/MES/ANO)	POTENCIA HOMOLOGADA (CV)	
MOTIVO (SINALAR CUN "X" SE CUMPRE CON ALGUNHA DAS EXCEPCIÓNS DO REQUISITO DO ARTIGO 7. 1b) ☐ TRANSMISIÓN DA EXPLOTACIÓN ☐ FALECEMENTO ☐ XUBILACIÓN OU CESAMENTO DA ACTIVIDADE		
TRACTOR NOVO		
TITULAR DO TRACTOR		CIF
MARCA E MODELO	DESCONTO POLA CHATARRA DO TRACTOR VELLO	PREZO DE TARIFA
OUTROS DESCONTOS		PREZO NETO (SEN IVE)

CONTÍA DAS AXUDAS

CONTÍA	CUMPRE	CUMPRE	
BASE 30 €	S	30 €	
EXPLOTACIÓN PRIORITARIA 20 €	☐ S/N		
MOZO AGRICULTOR 25 €	☐ S/N		
ZONA DESFAVORECIDA 10 €	☐ S/N		
TOTAL		_____ €	Nº CV PARA ACHATARRAR ____ X ____ = _____ €
NO CASO DE COOPERATIVAS: Nº CV PARA ACHATARRAR _____ X 120 € = _____ €			
TRAMO MÁXIMO DE INVESTIMENTO 90.151 X _____ = _____			
MÁXIMA PORCENTAXE DE AXUDA A) EN ZONAS DESFAVORECIDAS. O 50 POR CENTO (60% SE MOZO) B) NAS DEMAIS ZONAS. O 40 POR CENTO (50% SE MOZO)			
OUTRAS AXUDAS _____			
AXUDAS TOTAIS _____ PORCENTAXE SOBRE O INVESTIMENTO TOTAL _____ %			
OBSERVACIÓNS _____ _____ _____ _____ _____			
PROPOSTA DE AXUDA DEFINITIVA _____ €			

O FUNCIONARIO

DATOS BANCARIOS

O solicitante domicilia o pagamento da subvención correspondente na entidade bancaria:

Entidade Sucursal Control Conta

Comprometéndose a manter a conta aberta ata o remate do período de xestión da axuda correspondente.

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

- ☐ COPIA DNI/CIF.
- ☐ CERTIFICACIÓN DE DATOS BANCARIOS.
- ☐ CERTIFICADO DE ITV OU DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.
- ☐ FACTURA PRO FORMA DO NOVO TRACTOR.
- ☐ AUTORIZACIÓN PEDIR ESES DATOS FISCAIS E DA SS.
- ☐ DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE.
- ☐ ACREDITACIÓN DAS NORMAS EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE, HIXIENE E BENESTAR DOS ANIMAIS E DA CAPACIDADE E COMPETENCIA PROFESIONAIS SEGUNDO ORDE CPADR DO 7 DE XUÑO DE 2002.

NO CASO DE PERSOAS XURÍDICAS

- ☐ ESTATUTOS E DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN.
- ☐ ACREDITACIÓN DO ESTUDO TÉCNICO.

6.- COMPROMISOS

- Declara que cumpre e seguirá cumprindo as normas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais e da capacidade e competencia profesionais, segundo o establecido na orde desta Consellería do 7 de xuño de 2002, modificada por última vez pola Orde do 16 de decembro de 2004, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias en Galicia.
- Non allear o novo tractor, durante un prazo de cinco anos. No caso de incumprimento, o beneficiario deberá reintegrar ao Tesouro público o importe da axuda obtida e os xuros de demora correspondientes, excepto nos casos de forza maior, determinados no artigo 25 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.
- Non empregar o tractor para incrementar producións sen saídas normais ao mercado, conforme as limitacións sectoriais establecidas no anexo I do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

que todos os datos que anteceden son certos, que se cumprirá cos compromisos e requisitos exixidos e se aceptarán, de ser o caso, as verificacións que proceda de acordo coas axudas solicitadas.

_____, de _____ de _____
O SOLICITANTE

[illegible]

DATA DE SOLICITUDE

____/____/____

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE TRACTORES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO AG462A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DE ENTIDAD SOLICITANTE				
RAZÓN SOCIAL				CIF
ENDEREZO			LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO		FAX

D/DNA		NIF
CARGO		TELÉFONO

CLASE COOPERATIVA			DATA DE CONSTITUCIÓN ____/____/____
OBXECTO SOCIAL DA COOPERATIVA			NÚMERO DE REXISTRO
NÚMERO DE SOCIOS TOTAIS	NÚMERO DE SOCIOS MAQUINARIA	SUPERFICIE QUE VAI TRABALLAR	HORAS DE TRABALLO DO TRACTOR/ANO
ACTIVIDADES E CULTIVOS PRINCIPAIS DOS SOCIOS DE MAQUINARIA			

CONCELLOS ONDE ESTÁN SITUADAS AS EXPLOTACIÓNS

☐ ESTATUTOS E DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN.
 ☐ MEMORIA XUSTIFICATIVA DA VIABILIDADE ECONÓMICA.
 ☐ INSCRICIÓN NO REXISTRO DE COOPERATIVAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que todos os datos que anteceden son certos, que se cumprirá cos compromisos e requisitos exixidos e se aceptarán, de ser o caso, as verificacións que proceda de acordo coas axudas solicitadas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 13 de maio de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de tractores da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2005.

SINATURA DO/A PRESIDENTE/A OU REPRESENTANTE LEGAL

de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural